Central Sindical Independente e de Funcionarios • Ensino

# NOVAS DE ENSINO



Do 15 ao 19 de setembro

# 2016

CSI·F
EstamosXti



# Do 15 ao 19 de SETEMBRO de 2016

Í N D I C E:

1. O TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UNIÓN EUROPEA OBRIGA A ESPAÑA A EQUIPARAR A INDEMNIZACIÓN DE FIXOS E TEMPORAIS

2. PROGRAMAS ELECTORAIS EN MATERIA DE EMPREGO PÚBLICO E EDUCACIÓN DOS PRINCIPAIS PARTIDOS QUE CONFLÚEN ÁS ELECCIÓNS DO 25-S 3. PLAN PROXECTA

3. PLAN PROXECTA

4. CUALIFICACIÓNS DAS PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS DEPORTIVAS DE ATLETISMO, HÍPICA E DE SALVAMENTO E SOCORRISMO

5. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS SUPERIORES DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

6. CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS DA PROBA LIBRE PARA O TÍTULO DE ESO

7. CAMPAÑA DE VIXILANCIA DA SAÚDE DO PERSOAL DE CENTROS DOCENTES

8. BOLSA DE SOLICITANTES DE PERMUTAS PARA PROFESORADO DE INFANTIL E PRIMARIA

9. AXUDAS PARA A MATRÍCULA NUN MÁSTER UNIVERSITARIO PARA DESEMPREGADOS

10. AXUDAS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DAS CONFEDERACIÓNS E FEDERACIÓNS DE PAIS

11. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE DESTINO PARA CATEDRÁTICOS, PES, PT, EOI

12. BOLSAS DE TRABALLO OUTRAS COMUNIDADES

13. PROGRAMA DE BECAS 'TOGETHER@HP'

14. XI CONCURSO INTERNACIONAL DE DESEÑO DE MOBILIARIO DE EXTERIOR, PARA ESTUDANTES OU PROFESIONAIS NOVOS

15. FORMACIÓN

## 1. O TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UNIÓN EUROPEA OBRIGA A ESPAÑA A EQUIPARAR A INDEMNIZACIÓN DE FIXOS E TEMPORAIS



**O TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UNIÓN EUROPEA OBRIGA A ESPAÑA A EQUIPARAR A INDEMNIZACIÓN DE FIXOS E TEMPORAIS.**

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea mediante **Sentenza de 14 de setembro de 2016 (Asunto C-596/14),** sinala que a lexislación española no tratamento das indemnizacións por extinción de contratos dos traballadores temporais é contraria ao acordo marco europeo, discriminatoria e debe equipararse á normativa referida aos contratos fixos.

Os contratos de interinidade non teñen prevista ningunha indemnización para cando finalice a relación laboral, mentres que os contratos temporais teñen asignada unha compensación de 12 días e os indefinidos entre 20 e 33 días, segundo o despido sexa procedente ou improcedente.

Así, o **Tribunal establece que os traballadores interinos teñen dereito a percibir unha indemnización cando finaliza o seu contrato, ao igual que sucede co resto dos traballadores**; e esixe aos Tribunais españois que recoñezan unha indemnización aos traballadores temporais equivalente á establecida para o despido por causas obxectivas (20 días por ano).

***Nota:** A referida Sentenza dítase no ámbito dun contrato de interinidade de **persoal laboral**, art. 15 ET, desenvolvido polo RD 2720/1998.

## 2. PROGRAMAS ELECTORAIS EN MATERIA DE EMPREGO PÚBLICO E EDUCACIÓN DOS PRINCIPAIS PARTIDOS QUE CONFLÚEN ÁS ELECCIÓNS DO 25-S

### PARTIDO POPULAR

A educación é un campo en constante evolución, isto esixe que os docentes e os equipos directivos estean ao día e actualizados para responder ás necesidades, demandas e retos que teñen ante si os alumnos e alumnas da Galicia do século XXI.

A función dos profesionais da docencia é fundamental e a Administración educativa debe axudar e facilitar o seu desempeño.

- Apoio aos docentes: Renovaremos e **actualizaremos a formación do profesorado**, tanto a inicial como a permanente:

- Impulsando a colaboración entre Universidades e Administración educativa galega no deseño e mellora da formación inicial dos futuros docentes, introducindo melloras na organización e deseño dos graos de maxisterio.

- Ampliando a **oferta de formación permanente** para os docentes, tanto funcionarios como interinos.
- Apostando pola **adquisición de novas competencias en linguas estranxeiras (INGLÉS E PORTUGUÉS)** para que nun prazo de dez anos arredor de 1/3 do profesorado teña o C1.
- Apoio da formación do profesorado orientada a mellorar a cualificación en linguas estranxeiras tanto dos docentes especialistas como dos que imparten materias non lingüísticas.
- **Impulso de elaboración e uso de materiais online** en linguas estranxeiras.

**- Apoio aos membros do equipo directivo:** Establecerase un sistema de apoio, orientación e formación no desempeño das actividades de xestión e organización dos centros educativos, co obxectivo de avanzar progresivamente na responsabilidade, profesionalización e autonomía destes postos. A Administración educativa debe fomentar a modernización da gobernanza educativa para desenvolver un novo liderado educativoporque os centros escolares teñen que ser máis flexibles e capaces de adaptarse a contextos sociais complexos. Os directores e os equipos directivos teñen que sentirse apoiados na dobre función de xestión e de proxecto educativo.

**PARTIDO SOCIALISTA**

Propostas concretas en materia de docentes, ratios e cadros de persoal nos centros:

1. **Recuperación progresiva das condicións de traballo** do profesorado existentes no momento de entrada dos gobernos do PP.
2. Implantación progresiva de ratio máximas de 20 alumnos e alumnas en educación infantil, 25 en primaria e 30 en bacharelato, sen que contabilice o alumnado repetidor.
3. **Desdobramentos e dotación de profesorado de apoio** que permitan a atención á diversidade.
4. Promover, xunto co Goberno de España, un **novo sistema de acceso á docencia** similar ao MIR sanitario.
5. Aposta por un **novo modelo de formación permanente do profesorado** que aproveite, de xeito eficaz, as posibilidades de formación en liña e as novas metodoloxías docentes.

**Propostas concretas en materia de organización e funcionamento dos centros:**

1. Potenciar o protagonismo dos proxectos educativos do centro e garantir as condicións para o seu desenvolvemento.
2. Favorecer e incentivar aos centros innovadorese potenciar a súa xestión descentralizada
3. Implantar de forma continua e progresiva a aprendizaxe por proxectos e outros programas de innovación educativa.
4. **Reforzar e mellorar a dirección dos centros, as súas funcións e condicións profesionais, para que exerzan liderado pedagóxico e democrático**.
5. **Asegurar os recursos humanos e materiais necesarios para atender o alumnado en toda a súa diversidade.**

6. Elaborar **novos Regulamentos Orgánicos de Centros,** negociado cos representantes da comunidade educativa.
7. Eliminar os concertos a centros que segregan alumnado por cuestión de sexo.
8. Aproveitar de forma habitual na escola os medios de comunicación e internet, como recursos formativos, e impulsar o seu uso eficiente, crítico e responsable
9. Afondar na democratización dos centros e no grao de autonomía destes.
10. Impulsar políticas de atención ás familias, especialmente en medios socialmente desfavorecidos.
11. Potenciar o traballo dos educadores e das educadoras sociais e os mediadores e as mediadoras culturais co alumnado e as súas familias.

## BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Ofertar prazas públicas suficientes en todos os niveis educativos e garantir que todos os centros conten coa dotación de recursos necesarios e co profesorado suficiente en todas as especialidades para asegurar unha calidade e a equidade educativa para todos e todas.

- **Restituír todos os dereitos laborais** arrebatados ao profesorado, incluído a recuperacióndos salarios e pagas extras, o horario lectivo, o dereito a percibir o 100% das retribucións desdeo primeiro día de incapacidade temporal (IT) e os acordos eliminados unilateralmente.
- **Elaborar, previa negociación coas organizacións sindicais, un estatuto galego da función pública docente** que dea resposta ás demandas e melloras laborais e profesionais do profesorado.

Outras propostas:

- **Dotar todos os centros públicos do profesorado necesario** para facer real e efectivo o dereito universal e gratuíto a unha educación pública e de calidade
- **Reducir as ratios actuais de alumnado por aula** en todos os niveis educativos. Co obxectivo dun máximo de 15 alumnos por aula en educación infantil, 20 na educación primaria,educación secundaria obrigatoria, formación profesional e escolas oficiais de idiomas e de25 alumnos/as por aula ano bacharelato. Estas ratios veranse reducidas naqueles grupos queescolaricen alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o alumnado repetidor terase en conta para a conformación dos grupos.
- Estabelecer **plans de formación para o conxunto do profesorado co fin de alcanzar a plena normalización lingüística**. Constarán, como mínimo, de formación específica en cada materia do currículo e deberán ser instrumento de capacitación do profesorado para dar aulas en galego e de dinamización do uso da lingua galega como lingua de docencia.
- Fixar que **para o acceso á función pública docente, o profesorado deberá ter competencia en lingua galega** e estará obrigado a realizar, como mínimo, unha das probas en lingua galega.
- Convocar **ofertas públicas amplas de emprego** no ensino para dar resposta ás necesidades dos centros, mellorar a calidade do ensino, rematar coa impartición de afíns e a inestabilidade a precariedade laboral do profesorado do profesorado interino. **Suprimir as taxas de reposición**. A

administración educativa ofertará, como mínimo, todas as vacantes producidas e creará as necesarias para unha atención educativa de calidade

- Modificar a actual estrutura e modelo de formación do profesorado. Garantirase o dereito á formación continua de todo o profesorado. Elaboraranse **plans anuais de formación descentralizada e gratuíta.** Abranxerán todas as áreas do currículo. Procurarán a renovación e innovación educativa e unha mellor formación didáctica e pedagóxica e promoverán anormalización e galeguización do ensino.
- **Incorporar a figura do/a educador(a) social** aos centros educativos e aos equipos de orientación.
- **Dotar todos os centros de persoal administrativo e de coidadores/as, intérpretes de signos, xestión bibliotecaria e doutros perfís profesionais** nos centros onde sexa necesario.
- Promover a modificación da lexislación do estado para garantir a **xestión democrática dos centros**, incluídos os centros Integrados de Formación Profesional mediante a elección democrática e directa das direccións polo Consello Escolar. Promoverase o traballo en equipo e a decisións colexiadas nos órganos de goberno. Impulsarase a participación dos pais e nais nos órganos constituídos para propiciar o interese pola marcha do sistema educativo.
- **Formación transversal do persoal educativo para o respecto á diversidade afectiva sexual**; protocolos contra o acoso lgtbifóbico; inclusión da diversidade de sexualidade e de xénero nos programas docentes

## EN MAREA

- **Recuperaremos os postos de traballo perdidos** durante estes anos, para que as condicións de desenvolvemento do ensino non limiten a súa capacidade de ascensor social. Ademais, **auditaremos aos centros privados concertados que durante os últimos anos recibiron financiación pública**.
- Planificación da oferta de emprego público ao longo da lexislatura a partir dunha diagnose que considere as previsións de matrícula, así como as xubilacións, e que responda ás necesidades dos centros educativos públicos. Comprometémonos á **redución das ratios**, á flexibilización do tamaño dos grupos, a mellora da atención á diversidade, á implementación e reforzo de programas innovadores, á atención educativa no rural, etc. **A administración galega demandará tamén do Goberno estatal a derrogación da taxa de reposición** e, entretanto, procurará unha aplicación o menos restritiva posible.
- FP. **Priorizarase a oferta pública nos ciclos con máis demanda da FP**, evitando que a maioría da oferta nalgúns deles se sitúe exclusivamente nas cidades. Promoveranse actuacións que favorezan opcións máis equilibradas no xénero, favorecendo que as alumnas cursen opcións tradicionalmente masculinas (como mecánica) e viceversa.
- **Aposta decidida pola formación do profesorado e o desenvolvemento profesional:** A formación e o acceso á función docente son obxecto dun debate social que reclama o seu estudo e revisión consonte os novos retos educativos. **Estableceranse medidas a prol da estabilidade lab**oral que faciliten o compromiso do profesorado con iniciativas asociadas a unha maior calidade educativa. Fixaranse mecanismos de coordinación entre a formación inicial e a permanente, na procura dun **traballo en rede sobre a formación e a investigación educativas** entre as institucións formadoras e a administración. **Reduciranse progresivamente as circunstancias docentes relacionadas coas 'materias afíns'.**

## 3. PLAN PROXECTA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Resolución do 6 de setembro de 2016 pola que se regula o Plan Proxecta e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2016/2017

**-O prazo para presentarse a esta convocatoria vai desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia ata o día 15 de outubro de 2016.**

Para máis información preme aquí:

## 4. CUALIFICACIÓNS DAS PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS DEPORTIVAS DE ATLETISMO, HÍPICA E DE SALVAMENTO E SOCORRISMO



**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CUALIFICACIÓNS DAS PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS DEPORTIVAS DE ATLETISMO, HÍPICA E DE SALVAMENTO E SOCORRISMO

Para máis información preme aquí:

## 5. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS SUPERIORES DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS



**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ASIGNACIÓN DEFINITIVA DE VACANTES. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE ACCESO ÁS ENSINANZAS SUPERIORES DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS PARA O CURSO 2016/2017

Para máis información preme aquí:

## 6. CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS DA PROBA LIBRE PARA O TÍTULO DE ESO




**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS DA PROBA LIBRE PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE ESO (CONVOCATORIA DE SETEMBRO DE 2016)

**Para máis información preme aquí:**

## 7. CAMPAÑA DE VIXILANCIA DA SAÚDE DO PERSOAL DE CENTROS DOCENTES

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**




**CAMPAÑA DE VIXILANCIA DA SAÚDE DO PERSOAL DE CENTROS DOCENTES 2016/2017**

-A solicitude de inscrición debe incluír todos os datos que figuren no formulario. A falta dalgún deles impedirá a súa tramitación.

-Toda inscrición xerará un xustificante de consentimento que se deberá presentar o día concertado para realizar a vixilancia da saúde.

-O prazo de inscrición será de quince (15) días naturais a partir do día seguinte ao da difusión desta campaña na páxina web oficial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Para máis información preme aquí:**

## 8. BOLSA DE SOLICITANTES DE PERMUTAS PARA PROFESORADO DE INFANTIL E PRIMARIA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**



**ACTUALIZACIÓN DA BOLSA DE SOLICITANTES DE PERMUTAS PARA PROFESORADO DE INFANTIL E PRIMARIA**

Esta base de datos é unicamente para persoal funcionario de carreira.

Unha vez cuberto o **modelo de solicitude**, este debe **imprimirse** para poder gardar os datos escritos. A impresión pode facerse cunha impresora virtual que xerará un ficheiro en formato PDF. Esta impresora virtual pode descargarse no enderezohttp://pdfcreator.es/

**Para máis informaicón preme aquí:**

## 9. AXUDAS PARA A MATRÍCULA NUN MÁSTER UNIVERSITARIO PARA DESEMPREGADOS




**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A MATRÍCULA NUN MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL, DESTINADAS A TITULADOS/AS UNIVERSITARIOS/AS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA O CURSO 2016/2017

**Para máis información preme aquí:**

## 10. CONCESIÓN DAS AXUDAS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DAS CONFEDERACIÓNS E FEDERACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS E DAS ASOCIACIÓNS DE PAIS




**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CONCESIÓN DAS AXUDAS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DAS CONFEDERACIÓNS E FEDERACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS E DAS ASOCIACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS DE CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL PARA O ANO 2016

**Para máis información preme aquí:**

## 11. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE DESTINO PARA O PRÓXIMO CURSO CATEDRÁTICOS, PES, PT, EOI

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE DESTINO PARA O PRÓXIMO CURSO ACADÉMICO 2016/2017, ENTRE O PROFESORADO DOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS, PES, PT, EOI, ..., QUE NON TEÑAN DESTINO DEFINITIVO OU QUE SEXAN DESPRAZADOS POR FALTA DE HORARIO, REINGRESADOS

**Para máis información preme aquí:**

## 12. BOLSAS DE TRABALLO OUTRAS COMUNIDADES




**BOLSAS EN ARAGÓN**
**Profesores de Secundaria:**
-0590 006 Matemáticas
-0590 061 Economía
-0590 101 Administración de Empresas
**Profesores Técnicos de Formación Profesional:**
- 0591 222 Procesos de Xestión Administrativa

**Para máis información preme aquí:**

## 13. PROGRAMA DE BECAS 'TOGETHER@HP'




**PROGRAMA DE BECAS 'TOGETHER@HP'**

Periodo de inscripción

Del 13/9/2016 al 30/9/2016

Información

La **Fundación Human Age de ManpowerGroup Institute en colaboración con HP Española**lanzan en Madrid y Barcelona, el **programa de becas "Together@Hp"** para el futuro desarrollo profesional de **jóvenes universitarios y estudiantes de postgrado o máster con discapacidad**.

El objetivo del programa es proporcionar a los jóvenes la formación profesional necesaria para una futura incorporación efectiva en el mercado laboral. Las personas participantes en el Programa "Together@Hp" tendrán la oportunidad de obtener:

- La experiencia profesional formativa de una compañía multinacional.
- En un lugar de trabajo donde se fomenta la contribución real de cada miembro al equipo.
- Un entorno de alta exigencia profesional que les permitirá aprender y dar lo mejor de sí mismos.

El programa consta de una formación práctica guiada por un tutor, en un departamento acorde con los estudios y las expectativas de desarrollo profesional. Un tutor de Human Age Institute y otro de HP apoyarán y asesorarán a los alumnos durante el transcurso del programa. Se acreditará a todas las personas participantes la realización del programa.

Human Age Institute impartirá una formación teórica previa a la incorporación en la empresa, repartida en los siguientes módulos: excelencia en las organizaciones, habilidades sociales, habilidades laborales y orientación laboral. También se impartirá una formación continua especializada.

La duración del programa es de un mínimo de 6 meses y durante este periodo se recibirá una ayuda económica en concepto de beca y formación continua. Finalizado el programa en HP, Human Age Institute se encargará de facilitar apoyo individualizado a todas aquellas personas que así lo requieran para su incorporación al mundo laboral.

**Para máis información preme aquí:**

## 14. XI CONCURSO INTERNACIONAL DE DESEÑO DE MOBILIARIO DE EXTERIOR, PARA ESTUDANTES OU PROFESIONAIS NOVOS




XI CONCURSO INTERNACIONAL DE DESEÑO DE MOBILIARIO DE EXTERIOR, PARA ESTUDANTES OU PROFESIONAIS NOVOS DE 18 A 35 ANOS

Periodo de inscripción

Del 1/9/2016 al 9/3/2017

Documentación a entregar:

A) Completar el formulario alojado en la web oficial de GANDIABLASCO, apartado Concurso, con la siguiente información: Nombre, dirección y teléfono. Fotocopia DNI. Currículum Vitae. Declaración firmada de que el producto presentado es inédito y no ha sido presentado a otros concursos ni publicado anteriormente.Descargar.

B) Subir a la plataforma web la siguiente documentación: Memoria explicativa del proyecto con el lema de identificación en su portada, presentado en PDF y formato A4: I. Descripción del producto y detalles constructivos. II. Evaluación aproximada del coste de fabricación. Presentación en PDF, formato A3 (mínimo de 2 y máximo de 3): I. Planos acotados de la propuesta: Plantas, alzados y secciones. II. Detalles técnicos que expliquen la construcción del producto. III. Perspectivas isométricas, imágenes renderizadas o fotografías donde aparezcan imágenes atractivas del producto, contextualizado en un espacio exterior.

**Para máis información preme aquí:**

## 15. FORMACIÓN

**-CURSOS VÁLIDOS PARA OPOSICIÓNS**

**Para máis información preme aquí:**

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE




**Cursos ON-LINE Homologados por el Ministerio de Educación**

*Toda la información sobre los cursos homologados acogidos a convenio entre CSIF y el Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.*

**VALIDEZ:** Cursos válidos en todas las Comunidades Autónomas para **oposiciones, concursos de traslados, sexenios y bolsas de trabajo.**

**PARA LA COMUNIDAD DE MADRID ESTOS CURSOS NO SON VÁLIDOS PARA SEXENIOS.**

**DIRIGIDOS A: Profesores y personal especializado** de todos los niveles educativos, que trabajen o hayan trabajado alguna vez en **centros públicos, concertados y privados** en los que se impartan enseñanzas de régimen general o de régimen especial y en servicios técnicos de apoyo a los mismos

**A TENER EN CUENTA:** El MECD sólo certifica un curso on-line en las mismas fechas, por tanto no concede la homologación si se solapan varios.

**INSCRIPCIÓN Y MATRICULACIÓN:** LO PRIMERO DE TODO ES MATRICULARTE ON-LINE **DESDE AQUÍ**.

Una vez que te hayas registrador en la plataforma de CEPAL, tienes que hacer efectiva la matriculación alenviar por correo ordinario a la **Sede del**

Sector Nacional de Educación CSIF **- Formación**

C/Fernando el Santo 17, 1º.

28010 MADRID

la siguiente documentación:

1. **Ficha de participantes en Actividades en Formación Permanente** (ANEXO VI Documento adjunto al pie de página).
2. Documento acreditativo de trabajar o haber trabajado como docente (exigido por el Ministerio de Educación), siendo válidas una de las tres opciones siguientes:

· ***Fotocopia de la cabecera de la nómina donde conste categoría profesional.***
· Certificado del centro de trabajo como docente, firmado por el director o secretario del mismo.
· Certificado de vida laboral expedido por el Servicio de la Seguridad Social en el que conste el centro donde trabaja.

3. Justificante de Pago: el comprobante bancario de haber realizado el ingreso o la transferencia al número cuenta:

**Banco Popular**

**ES91 0075 0446 4406 0018 2967**

se incluirá en el sobre con el resto de la documentación.

**ES IMPRESCINDIBLE ENVIAR ESTA DOCUMENTACIÓN COMPLETA POR CORREO ORDINARIO PARAPODER CERTIFICAR EL CURSO**

**CERTIFICACIÓN:** El certificado se recogerá en la sede provincial de CSI·F seleccionada en el proceso de inscripción.

Si no se rellenará este apartado se enviará a la sede más cercana a su puesto de trabajo.

El MECD suele tardar **2 meses en emitir los certificados, desde el final del curso(siempre que no haya ninguna incidencia en la evaluación del expediente).**

No se emitirán certificados provisionales antes de la recepción de los definitivos por parte del MECD. En el caso de que alguno de los cursos no llegará al mínimo requerido por el MECD(30 alumnos) se devolverá el dinero al alumno.

**ACCESO AL AULA VIRTUAL MECD-CEPAL**

**CURSOS SEGUNDO SEMESTRE 2016**

| CURSO | Horas | Fecha Inicio - Fin | PRECIO NO AFILIADOS | PRECIO AFILIADOS | Matrícula |
|---|---|---|---|---|---|
| CAUSAS DE DIFICULTADES DE APRENDIZAJE Y PROCEDIMIENTOS PARA RESOLVERLAS | 50 | 6/10/16 - 11/11/16 | 72 € | *42 €* | ¡MATRICÚLATE! |
| COMPETENCIAS DIGITALES: NUEVAS FORMAS DE APRENDIZAJE | 70 | 6/10/16 - 24/11/16 | 82 € | *52 €* | ¡MATRICÚLATE! |
| CURSO PREPARATORIO INGLÉS B1 | 100 | 6/10/16 - 15/12/16 | 92 € | *72 €* | ¡MATRICÚLATE! |

# DEFENDENDO O PÚBLICO




# NOVAS DE ENSINO

**ENLACES DE INTERESE:**

[CSIF Nacional Enseñanza]
[CSIF Galicia Ensino]
[Blog Ensino Pontevedra]
[Herald Toupeiras]

CSI•F Ensino